

Xornada

V Xornada Emprende en Compostela 2010

Competitividade e innovación para o emprendemento e o crecemento empresarial

09:00 Recepción e acreditación de participantes

09:30 Obradoiros para o emprendemento. Impartidos en paralelo por BIC Galicia

- Cómo utilizar internet para o negocio (autónomos)
- Comunicación empresarial: publicidade para pemes
- Productos financeiros e financiamento na peme

10:45 Apertura da Xornada

Ponencia inaugural. Enrique Vila Sánchez, Director de Emprendedores de BIC GALICIA
Estratexias para o emprendemento e a mellora da competitividade empresarial

11:30 Panel de experiencias: Construir e finanziar proxectos

- AJE. Daniel Ramos. Presidente de AJE Marineda.
- Afigal. Claudia Suárez. Delegada Comercial Santiago.
- IGAPE. Carlos Silva. Subdirector de Información Especializada.

12:15 Iniciador: Comunidade de persoas emprendedoras para a aprendizaxe

Dez retos que debe superar o emprendedor tecnolóxico. Leccións aprendidas nun ano de Iniciador en Galicia

12:15 Obradoiros sectoriais para o emprendemento. Impartidos en paralelo por BIC Galicia

- Captación e fidelización da clientela
- Axudas destinadas ao comercio (comercio)
- A importancia de informatizar o negocio hostaleiro (hostalaría)

13:30 Presentación do programa Compostela Activa 2010

Experiencia empresarial: Abastos 2.0. Premio Xuventude do Concurso de novas ideas empresariais Compostela Activa 2009

Actividades complementarias

Reparto de lápices de memoria de 2GB con información sobre oportunidades de negocio e constitución de novas empresas.

Stands informativos: Concellaría de Promoción Económica, Xunta de Galicia (BIC Galicia), IGAPE, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, USC, Em Rede, AJE Marineda, Caixa Galicia e La Caixa.

Punto de asesoramiento para persoas emprendedoras: con información da Concellaría de Promoción Económica sobre o Servizo de Apoyo á Empresa e sobre iniciativas locais de emprego; da USC sobre empresas de base tecnolóxica; e da Cámara de Comercio sobre viveiros empresariais.

Triple espazo promocional para empresas de Compostela. Poden distribuir información impresa, presentar directamente a actividade e servizos que ofrecen (horarios limitados e pechados) e promocionarse en soporte audiovisual mediante anuncios publicitarios.

Espazo con acceso a páxinas web e consulta on line dos principais recursos de apoio ao emprendemento que se poden atopar na rede.

Horario autobuses gratuitos

Saídas: 8:45, 10:30, 11:30 e 13:00 h. desde o Campus Sur, xunto á Facultade de Matemáticas, e desde o Campus Norte, xunto á Facultade de Económicas. Con parada na Praza de Galicia. Último regreso desde o Pazo de Congresos: 14:30 h.

18 de maio de 2010.
Pazo de Exposicións e Congresos de Galicia

V xornada emprende en compostela

18 de maio de 2010

Pazo de Exposicións e Congresos de Galicia

COÑECE AS ESTRATEGIAS RELACIONADAS COA COMPETITIVIDADE E A INNOVACIÓN PARA EMPRENDER CON ÉXITO E PARA QUE A TÚA EMPRESA MEDRE

Publicita a túa empresa de balde no triple espazo promocional para empresas de Compostela

E ademais:

- Asesoramento a persoas emprendedoras e a empresas.
- Reparto de lápices de memoria de 2 GB, con información sobre oportunidades de negocio e constitución de novas empresas.
- Autobuses gratuitos.

Para asistir: Inscríbete en www.maiscompostela.org

Para promocionar a túa empresa: Inscríbete ata o 3 de maio en www.maiscompostela.org

Consulta o programa e infórmate en www.maiscompostela.org e sae@santiagodecompostela.org

compostela activa₂₀₁₀

SERVIZO DE APOIO
Á EMPRESA



/Oficinas da Concellaría de Promoción Económica

/Rúa do Hórreo, nº 100

/Tel. 981 568 752

/Horario: de luns a venres, de 9,00 h. a 14,00 h.

/Correo electrónico: sae@santiagodecompostela.org

www.maiscompostela.org

Organiza:



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de
Promoción Económica

máscompostela

BIC
GALICIA

DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

www.dicoruna.es

Colabora:



USC



Cámera



IGAPE



AJE



AFIGAL



em-rede



INICIADOR



la Caixa



OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA

CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de
Promoción Económica


máscompostela

DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

www.dicoruna.es

apoio

Servizo de Apoio á Empresa (SAE)



MOMENTO	NECESIDADE	SERVIZO QUE PRESTA O SAE
Idea de negocio	Información e orientación sobre todos os aspectos da constitución da empresa	Servizo de Apoyo ao Emprendemento Xornada Emprende en Compostela
Plan de empresa elaborado pero falta de financiamento	Recursos económicos	Concurso de Novas ideas empresariais Compostela Activa
Localización	Local para a empresa	Viveiros empresariais
Financiamento no primeiro ano	Liquidez	Axudas para a creación de novas empresas Compostela Activa
Profesionalización e/ou especialización	Coñecementos sobre a posta en marcha e consolidación dunha empresa	Plans de mellora destinados a empresas e comercios

concurso

Concurso de novas ideas empresariais
Compostela Activa 2010

O SAE é un servizo integral de apoio ás persoas emprendedoras, á empresa e ao comercio do Concello de Santiago.

O seu principal obxectivo é apoiar a creación e consolidación de empresas. Con esta finalidade pon á disposición das persoas emprendedoras, empresas e comercios, medios humanos e materiais para axudalos no desenvolvemento e consolidación dos seus negocios.

O Concurso de novas ideas empresariais

Compostela Activa 2010 ten como obxectivo apoiar ás persoas que teñen unha idea de negocio, facilitando a posta en marcha do seu proxecto empresarial. Establécese **seis categorías** distintas, cun premio de **4.000 euros** para cada unha delas. Son:

- | 1 Novas ideas empresariais categoría xeral
- | 2 Novas ideas empresariais promovidas por mulleres
- | 3 Novas ideas empresariais promovidas pola xuventude
- | 4 Novas ideas empresariais categoría Autoemprego
- | 5 Novas ideas empresariais Comercio-Turismo
- | 6 Novas ideas empresariais Industria-Servizos para empresas

axudas

Axudas para a creación de novas empresas
Compostela Activa 2010

A Concellaría de Promoción Económica destina 60.000 euros ao programa **Axudas para a creación de novas empresas Compostela Activa 2010**. O ano pasado beneficiáronse destes incentivos 24 empresas. O obxectivo das subvencións é axudar económicoamente aos novos proxectos empresariais a consolidar os seus negocios.

Como se valoran os proxectos presentados?

1. Os criterios que se valorarán estarán recollidos nas bases. Entre eles figura que a actividade empresarial a desenvolver se enmarque nos sectores de novas tecnoloxías da información e a comunicación, servizos medioambientais, servizos culturais e de lecer, e sectores innovadores, emerxentes ou novos filóns de emprego. Tamén se valorará a utilización de recursos da zona, o emprego xerado, e a contribución á inserción de colectivos en situación desfavorable para a integración sociolaboral ou en situación de risco de exclusión social.
2. Poden presentarse ao **Concurso de novas ideas empresariais** as persoas físicas ou xurídicas que teñan un proxecto empresarial e no momento de presentar a solicitude non iniciaran a actividade. Valorarase que estea no censo de habitantes do Concello de Santiago e que proveña dunha situación de desemprego (excepto na categoría de Autoemprego).

Quen se pode presentar ao concurso?

Como podo presentarme ao concurso?

3. Unha vez se publiquen as bases no BOP as persoas interesadas poderán inscribirse mediante unha instancia (que se poderá descargar da web www.maiscompostela.org) dirixida á Oficina de Promoción Económica. Presentaranse debidamente cubertas, en calquera dos rexistros cos que conta o Concello de Santiago, xunto á documentación especificada nas bases.

Esta documentación incluirá un plan de empresa. Para a presentación de solicitudes e para a elaboración do plan, as persoas interesadas poden contar co Servizo de Apoyo á Empresa, concretamente co Servizo de Asesoramento ao Emprendemento da Oficina de Promoción Económica. Establécese un prazo de 15 días como tempo mínimo necesario para obter un debido asesoramento na elaboración do plan de empresa.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de xuño de 2010

A miña empresa pode beneficiarse destas axudas?

1. Poderán optar ás axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que iniciaran a súa actividade entre o 1 de agosto de 2009 e o 30 de xuño de 2010, teñan a súa sede social, fiscal e de actividade no Concello de Santiago, a súa actividade sexa viable económica, financeira e tecnicamente, non percibisen subvencións ao abeiro desta convocatoria nos catro anos anteriores e non desenvolvesen a mesma ou similar actividade na mesma localidade nos seis meses anteriores ao inicio da nova actividade. Aos efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela na que a persoa solicitante cause alta no IAE ou no seu caso, no censo de obrigados tributarios.

Que cantidad podo percibir e por que conceptos?

2. Cada proxecto empresarial pode percibir como máximo **3.000 euros**, con independencia do número de beneficiarios que o componan. A contía da axuda poderá acadar ata o 100% dos gastos subvencionabeis, é dicir, os considerados como correntes e de primeiro establecemento realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2010 nos seguintes conceptos: existencias iniciais de mercadorías, custes de arrendamento de locais e/ou equipos, primas de seguros, abastecementos e gastos correntes e gastos de constitución da sociedade. O importe da axuda non poderá ser empregado con outros fins.

Como podo solicitar as axudas?

3. As solicitudes das axudas poderán descargar da web www.maiscompostela.org unha vez se publiquen as bases no BOP. Estarán dirixidas á Oficina de Promoción Económica e presentaranse en calquera dos rexistros cos que conta o Concello de Santiago, xunto á documentación especificada nas bases.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de xuño de 2010